



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 03 DE ABRIL DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as catorce horas do día tres de abril do ano dous mil catorce, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

Non asiste o Concelleiro Sr. Español Otero

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

A Xunta de Goberno Local, informada do contido das Bases Reguladoras do Plan Urxente de Mantemento de Servizos e Infraestruturas Municipais 2014

ACORDA:

Primeiro. Realizar o investimento denominado REFORMA REDE DE PLUVIAIS NAS RÚAS DE SAN AMARO, AS TORRES E TOXAL

Segundo. Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de: 21.595,08 euros, IVE engadido, (vinte e un mil cincocentos noventa e cinco euros con oito céntimos), con cargo ó Plan Urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014.

Terceiro: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 euros; o órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Cuarto: Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, informada do contido das Bases Reguladoras do Plan Urxente de Mantemento de Servizos e Infraestruturas Municipais 2014

ACORDA:

Primeiro. Realizar o investimento denominado RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS EN DIVERSAS RÚAS DA GUARDA

Segundo. Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de: 178.194,58 euros, IVE engadido, (cinto setenta e oito mil cento noventa e catro euros con cincuenta e oito céntimos), con cargo ó Plan Urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014.

Terceiro: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 euros; o organo que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Cuarto: Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

Acordo polo que se solicita a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e se acorda a correspondente achega da corporación local

A Xunta de Goberno Local acorda solicitarlle á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é de 154.882,48 €, co seguinte detalle:

- Persoal: 30.026,00 €
- Mantemento: 0,00 €
- Axuda no fogar:
- Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 0,00 €
- Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 103.596,00 €
- Xestión de programas: 21.260,48 €
- Investimento: 0,00 €

- Que o acordo inclúe a declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.
- Que o acordo non inclúe a declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade, por tratarse dun novo proxecto de servizos sociais comunitarios municipais que non existía o ano anterior.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Que se adoptou o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2014 na contía de 251.468,42 €, que supón unha porcentaxe do 61,88 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de MARZO de 2014 cuio importe total ascende a cantidade de 821,28 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Lese o escrito RE 1.436 de data 19 de marzo de 2014, presentado por D. COSME GONZÁLEZ ALVAREZ, con enderezo na rúa Longra, nº 14-baixo da Guarda, solicitando a anulación do recibo de auga do 4º trimestre de 2013 e o 1º trimestre de 2014 por excesivo debido a unha fuga de auga imposible de detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule os recibos anteriores e emita uns novos para o 4º trimestre de 2013 e 1º trimestre de 2014 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 1.716 de data 3 de abril de 2014, presentado por D. FERNANDO MARTINEZ CALZADO, con enderezo na rúa Julia Vaquero, nº 2-1ºC da Guarda, solicitando a anulación dos recibos de auga do 2º e 3º trimestres de 2013 por excesivo debido a unha fuga de auga imposible de detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule os recibos anteriores e emita uns novos para o 2º e 3º trimestres de 2013 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 1.724 de data 3 de abril de 2014, presentado por D. MIGUEL ALONSO VICENTE, en representación da Cofradía Virgen de los Dolores, con enderezo postal no apartado de correos nº 81 da Guarda, solicitando a colaboración do Concello para o desenvolvemento da procesión do "Viernes de Dolor" do seguinte xeito:

- Que non se permita o estacionamento de vehículos nos horarios e nas rúas polas que trasncurre a procesión.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Colaboración da Policía Local para dirixir o tráfico.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado á Policía Local para o seu coñecemento.

Lese o escrito RE 1.445 de data 19 de marzo de 2014, presentado por MAPFRE FAMILIAR, S.A., solicitando autorización para a ocupación da Finca de Fínola os días 19 e 20 de maio de 2014 para realizar a campaña "Cuidamos tu Auto" – Unidad Movil de Diagnosis.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases de Participación da primeira edición de A Guarda Doce que se vai levar a cabo os días 31 de maio e 1 de xuño de 2014.

Dase conta da proposta da Oficina Municipal de Información Xuvenil da Guarda para a realización dos cursos de ECOCOSMÉTICA NO FOGAR e CARRETILLEIRO cunhas cuotas de participación de 20 euros/persoa e 50 €/persoa, respectivamente.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta proposta así como os prezos.

Sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.